

## EDITORIAL

*Dez números, e polo tanto, dez anos de QUINTANA. Sen dúbida esta é una ocasión moi especial, e un motivo de satisfacción que, como directora da revista, quero compartir con todos aqueles que coas súas achegas fixeron posible esta longa e exitosa andaina. E xunto ao noso agradecemento a todos os que seguen a colaborar coa revista, non podemos esquecer aos compañeiros do noso departamento que nos deixaron no 2011, os profesores María do Socorro Ortega Romero e Serafín Moralejo Álvarez, adicándolles unha lembranza que estará sempre presente na nosa memoria.*

*Aproveitando o tempo transcorrido desde a saída do prelo do primeiro número da revista penso que é xustificable reafirmar agora os motivos que deron orixe a QUINTANA, concebida desde o principio como órgano de difusión propio do Departamento de Historia da Arte da USC. Desde entón QUINTANA segue dando a coñecer os resultados dunhas investigacións abertas á máis ampla pluralidade de enfoques tanto por autores galegos como españois e estranxeiros. Ao longo destes dez anos, e mantendo unha periodicidade anual, a revista conservou o acertado deseño inicial de contidos, no que o tema monográfico que centra cada número —como o de “Arte e identidade” deste novo volume—, se completa coas colaboracións de temática libre e as seccións adicadas a recuperar escritos e inéditos, a comentar acontecementos e eventos expositivos, ou aportar reseñas doutras publicacións de investigación. Pero sobre todo o paso do tempo foi confirmando a vixencia da inicial idea de abarcar as máis variadas olladas cara a historia da arte, desde a antigüidade ata a produción artística actual, integrando a arte coa historia da música e do cine, e sen esquecer as achegas relacionadas coa crítica de arte, os museos, as galerías, a literatura, a filosofía e a estética, sempre a cargo dos máis reputados especialistas.*

*A vontade de situar a QUINTANA entre as revistas de maior calidade do seu ámbito esixiu unha decidida aposta pola excelencia, tanto na composición e competencias dos comités de redacción e científico como na selección dos artigos a incluír en cada número, avaliados seguindo o proceso de dobre anonimato por revisores nacionais e internacionais. Froito desta esixencia de calidade foron chegando os recoñecementos, contándose entre os últimos a recente aceptación de QUINTANA na prestixiosa base de datos SCOPUS, a máis ampla base de literatura científica internacional. Sendo a día de hoxe unha das dúas únicas revistas españolas de historia da arte que cumpren os 33 criterios LATINDEX de calidade, QUINTANA foi xa recoñecida como revista de categoría A por índices como FRANCIS, IBA ou ANEP-FECYT.*

*O reto fundamental que xa se formulaba no editorial do primeiro número, cando como directora falaba de continuar incrementando a calidade dos seus contidos ata reunir todas as condicións necesarias para converterse nun referente indispensable no mundo da arte pódese considerar plenamente acadado. Agora ábrese unha nova etapa, a da madurez dunha revista que posúe xa un nome propio no panorama da Historia da Arte, e que con cada número vese obrigada a manter o nivel de calidade que xa é un dos selos distintivos de QUINTANA. Para esta continuidade na nosa andaina quero reclamar, outra vez máis, a colaboración de todos, e por suposto agradecer o fundamental apoio da Deputación Provincial de A Coruña que desde o comezo fixo posible a realidade deste soño.*

M<sup>a</sup> Luisa Sobrino Manzanares  
Directora de QUINTANA